



**PROXECTO DE
APRENDIZAJE-SERVIZO:**

***“PROXECTO DE TÉXTIL
RESPONSABLE ROPA
HECHA CON AMOR EN
HILANDERA”***

CURSO 2022-2023

ÍNDICE DE CONTIDOS

- 1) INTRODUCCIÓN
- 2) OBXECTIVO DO PROXECTO
- 3) PERSOAS DESTINATARIAS DO SERVIZO
- 4) NECESIDADES QUE ATENDE O PROXECTO
- 5) ODS AOS QUE CONTRIBÚE O PROXECTO
- 6) SISTEMA DE AVALIACIÓN
- 7) RESULTADOS DA EXPERIENCIA E REFLEXIÓNS
- 8) RESULTADOS DA EXPERIENCIA E REFLEXIÓNS
- 9) CONCLUSIÓN
- 10) CONTACTO

INTRODUCCIÓN

1) Colaboración entre a UDC e Fundación Taller de Solidaridad



Titulación na que se desenvolveu o proxecto	Grao en Xestión Industrial de Moda
Materia/s nas que se desenvolveu o proxecto	Prácticas Externas (710G03037)
Docente/s responsable/s	Laura Varela Candamio (coordinadora do proxecto), profesora titular da área de Fundamentos de análise económica (departamento de Economía, UDC). Vanessa Mato Santiso , profesora axudante doutora da área de Organización de Empresas (departamento de Empresa, UDC).
Curso e cuadrimestre:	4º curso, 2º cuadrimestre do curso académico 2021/2022

OBXECTIVO DO PROXECTO

O servizo que presta este proxecto céntrase en dous aspectos clave da moda circular e sustentable:

1) *“Deseñando novos produtos”*. Deseño e elaboración de novos produtos téxtiles segundo as necesidades do taller Hilandera e a marca ‘Ropa Hecha Con Amor’. Ademais, colaborar na realización de moodboards, fichas técnicas, táboas de medidas, desenvolvemento de coleccións e xestión de provedores.

2) *“Marketing digital para moda circular”*. Promoción de ambos os proxectos (Hilandera e Ropa Hecha Con Amor) para dar a coñecer o traballo do taller de confección e os valores e produtos da marca Ropa Hecha Con Amor (RHCA). O obxectivo é desenvolver un plan de branding para ambos proxectos e facelo atractivo para o seu público obxectivo (prestando especial atención aos medios dixitais). Este plan debe posicionar o taller e a marca RHCA, e definir a súa identidade, propoñendo un plan de márketing fundamentalmente dixital non só para promocionar produtos, senón tamén para visibilizar o empoderamento das mulleres que traballan no taller e os valores da marca RHCA.

PERSOAS DESTINATARIAS DO SERVIZO

Os destinatarios do servizo son:

- Alumnado do Grao en Xestión Industrial de Moda matriculado na materia de Prácticas Externas (2 alumnas).
- A entidade sen ánimo de lucro (Fundación Taller de Solidaridad) que traballa con mulleres vulnerables no obradoiro de costura Hilandera.



Os alumnos que participaron no proxecto, Alba Boedo e Adrián Méndez, expoñendo os avances do proxecto na I Xornada do textil do Campus Industrial de Ferrol, xunto co coordinador da Fund. Taller de Solidaridad, Rafael Veiga.

Microsoft Teams

Buscar

Universidade da Coruña

Actividad

Chat

Equipos

Tareas

Calendario

Llamadas

Aplicaciones

Ayuda

Contactos

Invite a alguien

Compartir invitación

Moderadores (1) Silenciar a todos

Vanessa Mato Santiso
Organizador

Asistentes (4)

Adrián Méndez Espasandín

Alba Boedo Méndez


CT coordinacion tallerdesolidari...
Externo

Laura Varela Candamio

Reunión do proxecto a través de Teams o 15 de marzo ás 13h. Asistentes: Os alumnos que participaron no proxecto (Alba Boedo e Adrián Méndez), a entidade colaboradora (o coordinador da Fund. Taller de Solidaridad, Rafael Veiga, e a responsable da Área de Consumo Responsable e Comercio Xusto, Ana Silva), e as profesoras responsables do proxecto (Laura Varela e Vanessa Mato).

NECESIDADES QUE ATENDE O PROXECTO

NECESIDADE SOCIAL



Traballando con mulleres vulnerables (fundamentalmente, mulleres desempregadas e vítimas de violencia de xénero).

NECESIDADE AMBIENTAL



Deseño e elaboración de novos produtos téxtiles, segundo as necesidades do obradoiro Hilandera e a marca 'Ropa Hecha Con Amor', seguindo criterios de moda sostible.

ODS AOS QUE CONTRIBÚE O PROXECTO

4 EDUCACIÓN
DE CALIDAD



8 TRABAJO DECENTE
Y CRECIMIENTO
ECONÓMICO



10 REDUCCIÓN DE LAS
DESIGUALDADES



12 PRODUCCIÓN
Y CONSUMO
RESPONSABLES



17 ALIANZAS PARA
LOGRAR
LOS OBJETIVOS



SISTEMA DE AVALIACIÓN

O 100% da nota obtida polo estudiantado matriculado na materia de Prácticas Externas do Grao en Xestión Industrial da Moda, que participou nesta actividade, asígnase ao proxecto ApS.

- 60% da cualificación obtense do informe do/a titor/a profesional, este é o responsable de supervisar as funcións do alumno na entidade, describindo e valorando o seu desempeño. Este informe inclúe unha avaliación cuantitativa (numérica) e cualitativa.
- 40% da nota obtense a partir da memoria de actividades na que o/a alumno/a fará un resumo das tarefas que desenvolveu durante o proxecto ApS e das aprendizaxes e habilidades adquiridas.

RESULTADOS DA EXPERIENCIA E REFLEXIÓNS

- Alta satisfacción por parte da entidade e do estudiantado (segundo o indicado nos informes e memorias de actividade).

- Reflexións dos estudantes que participaron no proxecto:

“Na miña opinión, foi unha oportunidade única ter a posibilidade de desenvolver unha colección cápsula dende cero. Tiven a sensación de que todos os traballos teóricos realizados na aula durante os catro anos de grao cobraron un verdadeiro sentido e, o que máis me chamou a atención foi que non estaban tan lonxe da realidade práctica e da actualidade.”

“Creo que aproveitei con éxito o carácter social da entidade colaboradora, desenvolvendo competencias específicas en materia de ética, deontoloxía e valores sociais dentro da empresa, centrándose na procura de solucións que favorezan o coidado dos traballadores e da sociedade como un todo, así como o medio ambiente, co fin de introducir efectivamente o plano social no momento da toma de decisións, acadando resultados positivos e beneficiosos para a empresa.”

CONCLUSIÓN

- A colaboración coa entidade foi moi fructífera, contribuíndo a que o alumnado adquira coñecementos e habilidades de utilidade para o seu futuro profesional, e prestando un servizo á comunidade (nesta caso, a través de Fundación Taller de Solidaridad).
- Para os estudantes, que desenvolverán a súa profesión na industria da moda, é fundamental que sexan conscientes das necesidades sociais e ambientais existentes para deseñar e comercializar novos produtos a partir de materiais reciclados e de prendas xa fabricadas, así como xestionar empresas e proxectos tendo en contatamén as necesidades e retos da sociedade.

CONTACTO

Para máis información...

Laura Varela Candamio (coordinadora do proxecto)	laura.varela.candamio@udc.es +34 881014441
Vanessa Mato Santiso	vanessa.mato@udc.es +34 881013822